



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.15702santiago.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com

ACTA 1/2024

REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

En Santiago de Compostela, sendo as 09:40 horas do día 17 de febreiro de 2024 en primeira convocatoria, reúnese a **XUNTA DIRECTIVA** de forma telemática, presidida por D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

Asistentes:

Presidente:	D. Enrique Freire Sobral
Vicepresidente:	D. Manuel A. Fernández Mallo
Secretario:	D. Manuel Rey San Luis
Tesoureiro:	D. José R. Costas Carbajal
Vogal:	D. Rafael Piñeiro Rodríguez
Vogal:	D. Carlos García Balboa
Vogal:	D. Jaime M. López Rodríguez

Reúnese a Xunta Directiva coa seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior.**
- 2.- Nombramento de membros de comisións e formación de equipos de traballo.**

Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Os asistentes coñecen a acta nº 1 de data 01 de abril de 2023 que se lles remitiron coa convocatoria. Non realizándose ningunha nova obxección á mesma apróbase por unanimidade.

Segundo.- NOMBRAMENTOS DE MEMBROS DE COMISIÓNS E FORMACION DE EQUIPOS DE TRABAJO.

O secretario e presidente informan os membros asistentes do motivo desta reunión, que non é outro que o de adquirir o compromiso dos membros desta Xunta Directiva a implicación colaborativa coas distintas tarefas a levar a cabo para o bo funcionamento federativo.

Despois da intervención por parte dos membros desta Directiva, a opinión xeneralizada sobre este tema é que se implicarán en todo o que faga falta para que a federación funcione ao cento por cento.



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.15702santiago.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolombofilagalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

Nesta reunión fálase da composición das distintas comisións xa existentes e tamén sobre a creación de varios “equipos de traballo”, chegando ás seguintes decisións:

Comisión Deportiva, esta comisión continuará cos mesmos membros que o viñan facendo ata o de agora, coa única modificación da baixa do Sr. Ángel Torre Iglesias como responsable de soltas da zona norte ao excluírse este ano as soltas por zonas (norte e sur).

Comisión de Xuíces, sobre este tema fai intervención o Sr. Manuel Mallo para comentar a importancia que teñen as exposicións dentro da organización deportiva desta federación e para iso o funcionamento desta comisión é fundamental para levalas a cabo e que non pase o do ano pasado.

Dado que esta comisión na actualidade é a que máis carencias ten en canto á súa organización, comenta que mantivo conversacións co Sr. Benigno Conde para saber sobre a súa continuidade na presidencia desta comisión, sen obter unha resposta definitiva, quedando en seguir mantendo conversacións con el.

Fálase sobre a posibilidade de organizar un curso de xuíces (tal e como se falou na Asemblea anterior), pero que terá que ser esta propia comisión de xuíces, unha vez que estea definida, quen tome esta decisión a través de reunións que terán que realizar.

Formación de novos equipos de traballo.- Con motivo das carencias atopadas nas distintas funcións desenvoltas pola Federación e para que todo o traballo non recaia sobre as mesmas persoas, decídese formar os seguintes **equipos de traballo**:

Para a adquisición dos **trofeos** correspondentes á campaña deportiva, ofrécese o Sr. Carlos Balboa xunto co Sr. Enrique Freire e o compromiso do Sr. Rafael Piñeiro de preguntar no seu club (Alas Compostelanas) se algún socio quere unir a este equipo de traballo.

Para actuar con tempo suficiente sobre a adquisición dos trofeos, unha vez finalizada a campaña deportiva e en canto téñase confeccionada a lista dos mesmos, facilitaráselles para que vaian traballando sobre este tema.

Para os temas **regulamentarios e estatutarios**, decídese que sexa o Sr. Enrique Freire quen fale con Angel Torre Iglesias para ver se pode facerse cargo da confección dos regulamentos deportivos, debido a que xa foi el quen, xunto con outros membros desta federación, os “fundadores” da normativa regulamentaria deportiva e sobrannte coñecedor da mesma, ofrecéndose tamén o Sr. Manuel Mallo para colaborar con el na medida do posible.

O Sr. Manuel Mallo opina que, aínda que suficiente neste momento a composición de membros desta Directiva, sería bo contar con máis membros que baixo a súa opinión serían válidos para esta Directiva como poden ser Bruno Avo ou Angel Torre, coincidindo con isto o resto de membros directivos.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

Por último, trátase tamén nesta reunión a problemática xurdida sobre o elevado custo da última campaña deportiva e as posibles solucións ou alternativas para o abaratamento das futuras campañas, dando como posibles alternativas as seguintes:

-Optimizar desde a Comisión Deportiva o transporte, tanto na capacidade de cestas dos camiós como dos roteiros a seguir dos mesmos aos distintos puntos de solta, levando a cabo se é necesario a aplicación do artigo 12 do regulamento deportivo.

-Facilitar á Comisión Deportiva a valoración económica de cada solta para o seu estudo e para que haxa unha mellor coordinación entre os datos económicos e os datos dos distintos roteiros de recollida de pombas.

- Facer un estudo coa intervención dos transportistas e clubs por se se abarataría o custo modificando a entrega das cestas en cada solta, entregándoas (as cestas baleiras) na recollida da solta seguinte.

-Exercer un maior control sobre o kilometraxe dos distintos transportistas.

Acórdase facer outra reunión o próximo día 2 de marzo para facer un seguimento das actuacións acordadas nesta reunión.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión da Xunta Directiva, sendo as 11:45 horas, no lugar e data sinalados

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-